



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, á iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e ao través da vicevoceira **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para a seu debate en Comisión IV**, sobre a avaliación dos resultados do Plan de financiamento Universitario 2011-2015.

Exposición de motivos

O Goberno Galego iniciou un novo modelo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia a través do chamado Plan de Financiamento Universitario 2011-2015, que na práctica se concretou nunha diminución de 54,9 millóns de euros dos recursos dispoñibles para as universidades Galegas.

De feito entre os anos 2010 e 2014 a Universidade de Santiago de Compostela perdeu 22,7 millóns de euros dos seus orzamentos (-6,5%), a Universidade de Vigo descendeu en 16,3 millóns de euros os seus recursos (-9,3%) e a Universidade de a Coruña viu minguar en 22,7 millóns de euros a súa capacidade orzamentaria (-16,5%).

Atopámonos nun país, Galicia, cun gasto universitario en termos do PIB, moi por baixo da media do Estado Español cuxo nivel de investimento nesta materia está tamén a

cola de Europa. Nos anexos do plan de financiamento 2011-2015, contemplábase un incremento dos investimentos universitarios en porcentaxe do PIB do 0,91% no 2010, ó 0,92 no 2011, pasando polo 0,93% no 2012, o 0,95 no 2013, o 0,98 no 2014 e o 1,01 no presente exercicio. Unhas previsións que lonxe de cumprirse, non fixeron outra cousa que diminuír.

O certo é que detrás do teórico financiamento suxeito a resultados, se procedeu a suprimir grupos e liñas de investigación universitaria, se acometeron unhas taxas cero de reposición de efectivos, se pretendeu modificar o mapa de titulacións para reducir o número de carreiras universitarias e en definitiva, se iniciou unha reconversión sen precedentes do Sistema Universitario Galego (SUG).

Tanto os reitores como os demais membros da comunidade universitaria, denuncian a situación límite que está a provocar o acoso financeiro e normativo ao que o Goberno galego está a someter o SUG.

Chegados a este punto, tendo en conta o remate da vixencia do actual Plan de Financiamento Universitario 2011-2015 e considerando que o Goberno está a iniciar as xestións para a elaboración do novo Plan de Financiamento Universitario para o período 2016-2020, parece razoable realizar unha rigorosa avaliación do grao de cumprimento do plan que agora remata, a consecución dos seus obxectivos e o seu grao de execución orzamentaria.

Só dende unha avaliación dos resultados do presente plan, as súas eivas e acertos, se poderá facer unha axeita planificación de non ser que se pretenda cometer os mesmos erros.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a

-Presentar ao Parlamento Galego un informe de avaliación do grao de cumprimento do Plan de Financiamento Universitario 2011-2015 que agora remata, a consecución dos seus obxectivos e o seu grao de execución orzamentaria, tendo en conta as achegas da Comunidade Universitaria e dos seus órganos de Goberno.

En Compostela, a 26 de marzo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 26/03/2015 10:37:28

Jose Javier Ron Fernandez na data 26/03/2015 10:37:35

Yolanda Díaz Pérez na data 26/03/2015 10:37:40